



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICOS/AS DE AXENTES DE FOMENTO DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL

En Ponteceso, sendo as 10.00 horas do día 21 de marzo de 2022, na Casa do Concello de Ponteceso, comparecen os membros do Tribunal que xulga o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de técnicos/as de axentes de fomento de emprego e desenvolvemento local, en réxime laboral temporal.

Constitúese o tribunal nesta data e hora, asistindo os/as titulares do mesmo:

Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso (Asiste telemáticamente).

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario administrativo do Concello de Ponteceso.

Vogais:

Primeira: D^a. María Cristina Varela García, secretaria titular do Concello de Xermade en réxime de acumulación no Concello de Ponteceso. (Asiste telemáticamente).

Segundo: D. Emilio Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral do Concello de Ponteceso.

Terceiro: D. José María Ares Abalo, xefe do servizo de innovación tecnolóxica do Concello de A Coruña. (Asiste telemáticamente).

Na reunión celebrada o día 11-03-2022, fase oposición e valoración da fase concurso do proceso selectivo, o tribunal acordou o seguinte:

"1º.- Elevar á alcaldía a proposta provisional de aspirantes aprobados/as que formarán a bolsa de emprego de técnicos/as de axentes de fomento de emprego e desenvolvemento local en réxime laboral temporal, consonte a puntuación total obtida ordenada de xeito decrecente, sendo a seguinte:

Nº	Apelidos e Nome	DNI	Fase OPOSICIÓN 1º exercicio	Fase CONCURSO	CUALIFICACION FINAL
1	RODRÍGUEZ BUÑO, CARMEN M ^a	***0849**	14,00	7,30	21,30
2	SIEIRA MARTINEZ, PLACIDA	***3087**	12,80	3,70	16,50
3	GÓMEZ CASAL, FÁTIMA M ^a	***6701**	11,60	0	11,60
4	MACÍAS MONTÁNS, HELENA	***4238**	11,00	0	11,00

No caso de non se presenten reclamacións a proposta terá o carácter de definitiva.

2º.- Publicar no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal a acta da sesión, así como a plantilla de respostas correctas, e outorgar un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, aos efectos de presentación de reclamacións polos/as aspirantes."

En tempo e forma presentáronse as seguintes reclamacións:

1ª.- D^a. Plácida Sieira Martínez, presentada o día 14-03-2022, alega o seguinte:

a) Que existe unha discrepancia na corrección do primeiro exercicio tipo test, alegando que ten 29 preguntas correctas, e que a puntuación que lle correspondería sería de 13,40 puntos e non os outorgados 12,80 puntos.


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

b) que non se valorou na fase concurso a experiencia profesional acreditada na FAXPG (Federación de persoas xordas) de case 4 meses, e tampouco a correspondente á Asociación de Empresarios da Costa da Morte por un período de 273 días; e na correspondente á formación universitaria non se lle valorou o Máster en Dirección económico-financeira nin o Posgrado en Orientación Laboral.

Análise das alegacións:

- a) Revisado o exercicio da fase oposición, tipo test, o tribunal comproba que a pregunta núm. 1 que a aspirante considera correcta, na súa folla de resposta consta como resposta a opción a) cando a correcta é a opción d), polo que a corrección do exame reflicte o resultado de 28 preguntas con resposta correcta e 12 con resposta incorrecta, sendo a nota que lle corresponde a que consta na acta de 12,80 puntos.
- b) Revisada a documentación presentada para a valoración da fase concurso, resulta o seguinte:
 - A experiencia profesional acreditada na FAXPG (Federación de persoas xordas) valorouse en 0,10 puntos, 2 meses, a que consta acreditada de 3 meses, polo que a razón de 0,05 puntos/mes, consonte ao establecido na base VIII, segunda fase, concurso, apartado 1.c), debera ser outorgada 0,15 puntos; a experiencia acreditada na Asociación de Empresarios da Costa da Morte non se valorou ao ser a ocupación de técnicos de empresas e técnicos de actividades turísticas, e non corresponder este posto co establecido na precitada base VIII, fase concurso, apartado 1.c) que establece que a experiencia profesional en postos similares será a de técnicos/as ou prospectores/as de emprego, técnicos de selección, orientadores laborais e asimilados, polo que o tribunal non valorou esta experiencia profesional.
 - Con respecto á formación universitaria o Máster en Dirección económico-financeira de 25 ECT, o tribunal consonte á base VIII, fase concurso, apartado 2.2, formación universitaria, a cal establece: *"Por cada 30 ECT (créditos) en másters ou cursos de postgrao relacionados co posto de traballo: 0,5 puntos. (Aos efectos da baremación considerarase que 1 ECT equivale a 25 horas): Máximo 1 punto."*, polo que o tribunal, consonte á base anteriormente transcrita, acorda non acceder ao solicitado. En canto ao Posgrado en Orientación Laboral e visto que a duración do mesmo (25 ECT) non acadada á duración esixida pola base antes transcrita (30 ECT), o tribunal acorda denegar o solicitado.

Por todo o anterior o tribunal considera que a puntuación final outorgada á aspirante D^a. Plácida Martínez Sieira debe ser corrixida no apartado do concurso, experiencia profesional, ao estimarse a alegación respecto na FAXPG valorando a mesma como 0,15 puntos en lugar de 0,10, polo que lle corresponde na fase concurso polo total de 3,75 puntos.

2^a.- **D^a. Fátima María Gómez Casal**, presentada o día 16-03-2022, alega o seguinte:

- a) Que non se valorou a totalidade da documentación presentada para a fase de concurso, titulación universitaria, formación profesional de segundo grao, certificado profesionalidade e formación.

Análise das alegacións:

- Revisadas as mesmas o tribunal non valorou o certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ao abeiro do establecido no RD 1697/2011 a precitada formación tivo unha duración de 340 horas, polo que lle correspondería 1 punto . Con respecto ao curso de "Lexislación laboral básica", cunha duración de 20 horas, que non foi valorado lle corresponden 0,25 puntos. Con respecto ao curso non valorado de "Presentacións efectivas de alto impacto", de 20 horas, lle correspondería 0,25 puntos.
 Por todo o anterior o tribunal considera que débese revisar a puntuación outorgada á aspirante na fase concurso e subirlle a nota na puntuación de 1,50 puntos en base ao anterior, polo que a puntuación total na fase concurso será de 1,50 puntos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Á vista do resultado da valoración das alegacións presentadas polas aspirantes **Plácida Sieira Martínez (+0,05 puntos)** e **Fátima María Gómez Casal (+1,50 puntos)** e da revisión das puntuacións outorgadas, as puntuacións definitivas que lles corresponden ás aspirantes é a seguinte:

Nº	Apelidos e Nome	DNI	Fase OPOSICIÓN 1º exercicio	Fase CONCURSO	CUALIFICACION FINAL
1	GÓMEZ CASAL, FÁTIMA M ^a	***6701**	11,60	1,50	13,10
2	MACÍAS MONTÁNS, HELENA	***4238**	11,00	0	11,00
3	RODRÍGUEZ BUÑO, CARMEN M ^a	***0849**	14,00	7,30	21,30
4	SIEIRA MARTINEZ, PLACIDA	***3087**	12,80	3,75	16,55

Rematada a revisión do proceso selectivo en base ás reclamacións presentadas o tribunal acorda:

1º.- Elevar á alcaldía a proposta definitiva de aspirantes aprobados/as que formarán a bolsa de emprego de técnicos/as de axentes de fomento de emprego e desenvolvemento local en réxime laboral temporal, consonte a puntuación total obtida ordenada de xeito decrecente, sendo a seguinte:

Nº	Apelidos e Nome	DNI	Fase OPOSICIÓN 1º exercicio	Fase CONCURSO	CUALIFICACION FINAL
1	RODRÍGUEZ BUÑO, CARMEN M ^a	***0849**	14,00	7,30	21,30
2	SIEIRA MARTINEZ, PLACIDA	***3087**	12,80	3,75	16,55
3	GÓMEZ CASAL, FÁTIMA M ^a	***6701**	11,60	1,50	13,10
4	MACÍAS MONTÁNS, HELENA	***4238**	11,00	0	11,00

2º.- Publicar no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal a acta da sesión.

Sendo ás 10.45 horas do día 21-03-2022 remata a sesión, redactándose a presente acta, que asinan os membros do tribunal.

Polo tribunal,
A presidenta

O secretario

Lucia Mata Rodríguez

José Manuel Ordóñez Barca

FIRMADO POR Lucía Mata Rodríguez (FECHA: 21/03/2022 12:48:00) , Cristina Varela García (FECHA: 21/03/2022 12:51:00) , Emilio Caínzos Quintás (FECHA: 21/03/2022 12:51:00) , JOSE MARIA ARES ABALO (FECHA: 21/03/2022 13:13:00) , José Manuel Ordóñez Barca (FECHA: 21/03/2022 13:15:00)
Versión imprimible

CVD: kSek96WtACwP95Ygyuly
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Os vogais

María Cristina Varela García

Emilio Caínzos Quintás

José María Ares Abalo

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15